



O Concello de Nigrán reparte 21.574 euros en subvencións a un total de 35 entidades deportivas, culturais, veciñais e de festas do municipio. As entidades achegaron os seus proxectos para participar destas axudas coa modalidade de concorrencia competitiva cuxo prazo de solicitude rematará o 15 de maio. A xunta local de goberno vén de aprobar as ponderacións achegadas dende a comisión de valoración nomeada a tal fin e decidiu confirmar as axudas que achegarán dende 200€ a case 1000€ por colectivo segundo a puntuación acadada.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Nigrán aprobou o pasado 12 de agosto as concesións. En total, 21 entidades deportivas recibirán 9.884,70 euros, ingresándoseles de xeito inmediato o 40% da cantidade concedida a cadansúa, o resto será entregado previa xustificación dos gastos que se deriven da execución do programa ou actividade, tal e como se recollía nas bases.

Por outra banda, entregábase un total de 11.689,61 euros a 14 entidades culturais, veciñais e de festas do municipio. Ao igual que no caso das deportivas, percibirán o 40% da contía de xeito inmediato.

“Este goberno ten un claro compromiso de reforzar a colaboración con tódolos colectivos do municipio, que son os grandes promotores das actividades lúdicas, culturais, deportivas ou

Os colectivos deportivos, culturais e veciñais de #Nigrán reciben 21.574 € en subvencións de fondos municipais

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 17 Agosto 2015 16:02

festeiras”, explica o alcalde Juan González.

As axudas enmárcanse no primeiro Plan Estratéxico de Subvencións municipais, un imperativo legal que permite ao Concello abrir esta nova liña de apoio económico.

A lista completa pode consultarse no documento adxunto {attachments}